

Barcelona 11- Setiembre 1960

Dr. Ramón Otero Pedrayo

Mei apreciado Dr. Ramón: Xa outras vezadas lle teño escrito e sempre foi pra min unha grande satisfacción os seus consellos. Sei que é molestia pra Vd atender a tantas cartas como chegan a min e a seu nome, pero tamén penso que lle debe dar gran alegría saber que hai moeda que avela abríronse camiños na literatura galega; se eu puidera chegar a ser un bo escritor na nosa fala!!! ... Pro fallame tempo pra me adicar, libros pra ler e o principal: vivir a carón do noso pobo.. (Sei 19 anos en Barcelona, teño 25).

Dende a minia última, tantas cousas; a morte de Carballas, o máis triste, que grandeza chegar a onde il e deixar tan brillante estela. A morte de Don Manuel Casás, o vaxe de Vd a Argentina - (Luen será o futuro presidente da Real Academia?). Dexo de todo co-razón que seña Vd. Dr. Ramón. Bien merecido o ten. Hoxe adicollle unha obra minia de teatro.

Tai 3 anos que traballo nela. Non sei que tal lle pode parecer. O certo é que está feita co lume de amor a nosa terra. Non quere ser revolucionario. Somentes a verda tal como eu a vexo. (Ben, Vd, os artigos de Ariza, publicados antes siar na Vanguardia?). Il fala do atraso de Galicia e da culpa o noso pobo, atrasado, sen unión, avaro do presente, sen mirar o futuro; Eu na minia cativa obra dou a culpa os gobernos, de sempre. Pro men ver un pobo non pode adiantar nin un programa, sen créditos, sen escolas, sen industria. Hoxe interese da escola inaugurada por Pousos na Crua pra obreros que adprendían oficios. Iso é o que intere-centa cada día (alega. E fabricas, luz eléctrica...).

Iso é canto quise exponer na minia obra. Se algún día podesa publicarse senteríame feliz un Dr. Pedro que redimira unha aldea...

G. Ramón: perdone o meu atrevimento e reciba
uma forte apertada do seu admirador e seguro amigo

The following is a list of the names of the persons who have been appointed to the various positions in the Department of the Interior, for the year ending June 30, 1900.

The first of these is the fact that the
 (1) the first of these is the fact that the
 (2) the first of these is the fact that the
 (3) the first of these is the fact that the
 (4) the first of these is the fact that the
 (5) the first of these is the fact that the
 (6) the first of these is the fact that the
 (7) the first of these is the fact that the
 (8) the first of these is the fact that the
 (9) the first of these is the fact that the
 (10) the first of these is the fact that the

A conforme se ergue o pano aparece o atrio da igrexa de unha das aldeas galegas. A o fondo leiras, carballeiras e un sol que namora. A dereita o cruceiro. A xente vai saíndo da igrexa pola esquerda. Xan de Outeiro, Manoel, o Pallares e Xesús falan do encoro e do piñeiral. A seu carón caminan as suas mulleres, o fillo do Pallares, os do Manoel e a pequena de Xesús.

Manoel- Canto ten que predicar o Alcalde xa o temos moi sabido. O encoro e o piñeiral.

Pallares- A grandeza do noso pobo, Manoel. Fai tempo que o sexo e o malo elle que anda leva andaina....

Xan de Outeiro- ¡Ogallá!. A min non che me fai unha migalla ben. Non vexo o choio por ningures.

Xesús- A quén lle pode atinguir tal cousa?

Pallares- A min, o Barxa, o de Nai, o Fidalgo...a tantos catos sabemos unha pinga do progreso.

Manoel- Xa che falarei do progreso en canto escomencen a lea as cousas esas.

Xan de Outeiro- Alí ben cos seus compadres

(Saíe o alcalde da igrexa e caminha cara o cruceiro)

Alcalde- Bos días nos dé Deus a todos!

Pobo- Bos días

Xesús(polo baixo un algo arredado do alcalde que está xunto do cruceiro)- ¡Qué dreito vos ven!

Xan de Outeiro- Semella cal se levara no lombo un estadullo tan teso camiña(As mulleres e os pequenos ríen a mans cheas ó amparo da algarabía de tanta xente, uns que ceiben ledicia e outros mais arrouzados que dan mostras de mal xenio).

Sara-(Muller de Xan de Outeiro)-Dacataivos que ben cebado!

Carmíña(A dona de Xesús que ten pola man a sua pequena, que anda nos 14)-Ninxiquer sabe o que é abaixar o ermón do lombo pra apañar patacas.

Pallares- Carmíña, tí Sara, e vos tolas...Sempre fomes deso que ten callos nas mans? ~~Do encoro non sentades baza. ¿Coidades que somentes trabo~~

Xan- Non principes a predicar pois que abonda D. Eusebio. (No intre o Alcalde ruba o primeiro escano do cruceiro e comenza a falar):

Alcalde- "Pobo e terras de Pereira do Furelo, Xa adiviño como choutan de legría os vossos corazóns eiquí diante do representante vos do Goberno da Nación. Vexo os vossos ollos que escintilean, e os vossos ouvidos que non queren perder nin unha das miúdas transcendentais parabras que son a chave do novo porvir que escomenza a alborear diante dos nosos ollos. Un vireiro de gloria para o voso Alcalde

Xesús- Ise non ten mester de abos pra abaloufalo.

....que revolveu ceos e terras sen dgaro diante dos Ministros do Goberno e tamén pro noso lugar do que ningún sabe da sua existencia e dende agora percorrera nas sas dos xornas, e a voz dos novos maestros de sabencia, a radio o cine a Televisión, todos os curruachos da nobre terra española, apampando a todos, iste lugar, istes vals, iste noso Furelo nome tan ben posto por os nosos abós, que lizgaire percorre miúdo, bicando os pés de istes montes, que logo veremos poboados de piñeiros que arumen to do a redonda cos resina..

Manoel- Cáo ampea! Se non lembra de respirar(Surrín os seus compañeiros. O pallares olla o Manoel amugado).

....Sí, veciños todos de Pereira do Furelo os nosos montes serán piñeirais. E a meirande arrouzada: Xunto a Pena grossa erguerase o encoro que gardará millós de litros de auga e producirá Kilowattios a milleiros.

Pallares(Dando unha ollada de vinganza os seus amigos berra en outa vez)- ¡Viva o Alcalde!

(Moitos corean o seu brado con outro ¡Viva! namentras os mais fan un longo bisbeo de desacorde)

....Luz eléctrica que o novo resurxir de España está agardando nas grandes cidades que ven medrar novas industrias e teñen que pagar as veces meses enteiros por falla de fluído que axiña sairá as mans cheas di te noso Furelo.

Barxa(Ergue seus brazos moi perto do Alcalde e berra efervendo)- Gracias a D. Eusebio!!!

(O Alcalde surrille e move a testa a maneira de agradecemento e escalados de novo os vivas e os falares desaprobadores, dá fin ó seu discurso)

....Isto e cánto vos quixen decir, pobo de Pereira do Furelo, Voso Alcalde está orgulloso distes vós e sinte que non cabe no seu peito coa lealdade de ter petado nas portas do Goberno e ser escoitado pra trabucar istas terras e iste río nunha fonte nova de riqueza pra Nación".

Fidalgo-Viva o encoro!!

|| Viva ||(Dán os máis contentos batendo as mans. O Alcalde comenza a camiñar rodeado de afervoados gres)

(Manoel, Xan, Xesús coas súas donas e os cativos e mais outros disconformes saíen da escea spois do Alcalde e seus admiradores)

Manoel- (Cheo de carraxe)-Rebrinosa demasiado cedo...Cando eso chegue non terán garelas de tanta aleimadura.

(Acóllao a súa muller o tempo que o colle polo cábado e dille:)

Xovita- Manoel, non fales con demasiada aquela. Hai que armarse de paciencia. Imos...A. lingo non se decata que solta compromiso e que ós probes tócanos expandir sempre. Cos Autoridade e a Inquisición, xa sabes, ¡ohitón!

(Na escea unha cocina labrega. Manoel e o Pallares están sentados nun banco galego que o tempo sirve de taboa e riba dela 4 cuncas de viño e unha xarra de ~~xama~~ barro. Case que a carón d'elles Xan e Xesús nuns bancos e lonxos perpendiculares os extremos da táboa. No medio a lareira e forte lumeEnfrente da táboa a artesa e a boca do forno. A esquerda o cunqueiro A dereita a porta de entrada. Xunto o forno unha porta cativa pra ir as cor tes e unhas escaleiras pra subir os cuartos. Os catro teñen as cartas na x man pro máis que xogar a birisca, parolan)

Manoel. todos nosoutros choraremos tarde ou cedo os resultados das palabras de Alcalde e tí. Pallares, choraralo máis tempo que eu porque eres a neve. Conto e díolo queira que non chegará a ver tal cousa.

Pallares-Carano co Sr. Manoel, pra qué se aquela Vd. será o primeiro en por bebidas e faguer xantares, e como apañará os cartiños dos alleos que saíen a voltas no tráfego da prensa!

Manoel- Cata que che van traer moita fortuna. Vante librar de traballl

Pallares- Do traballo non Sr. que pra eso lle estamospre...na matine

Manoel- O que che van arranxar illes son as viñas e a xuvence, que se agora inda podes beber viño do teu anegarancho e se inda a tua vaca pode depinizar unha que outra herba no monte, logo terás que desfacerse dela e ollar como medran os piñeiros.

Pallares- Vaya Sr, vaia, lle non parece a Vd. que xa abaixamos abondo o lombo pra apañar racimos e logo rubir pola riveira coiles as costas co aquil sol que queima os penedos e pra que eu quero un a xuvence se un choiño de un pequeneiro negocio dame pesos pro leite?xa me contará Vd. as arelas que terá de ancorarse a terra cando podía vivir sin ela.

Manoel- Sen a terra nista aldeas se non vive e ela danos folgos e ela acocharanos cando morremos.

Pallares-Gaílle issa cousas de outro sigro Sr. Manoel. Non hai que pensar o antigo.

Xan de outeiro- Non teimes, Pallares. Coidas que van a darcho e arrezagarcho todo. Por si acaso díreche que tes moitos neboeiros na chola e vas ser o primeiro en ter que botar o fillo a pescudar o pan por outros vi eiros, pois que eiquí non fará cousa.

Pallares- Sodes ben paifocos. Se todos albiscaran o que vos inda hoxe non corría o tren por medo a tripar as leiras

Manoel- Repara o que che digo. Está ben que leven un cacho de unha leira se non ten que fallar logo un cortezo de pan. Pro eiquí anegará fanegas de terra e levarannos a bouza, as uces, os texos e darrannos en pago unha morea de pedras e mais uns piñeiros que se agardamos o seu froito non darán madeira o tempo pras nosas tumbas.

(Entran Xovita e Xanín pola porta de esquerda con un feixe de nabos -un- Poussanos no chan. Xovita colle o coiteiro pra rabenales. O pequeno tiza o lume)

Xovita- ~~xa non nos axudará de unhas ou de outra maneira, il fará porque os nosos fillos illes non fallan un codelo de pan. Ti Xaniño, namentras eu rabeno os nabos vai catar a maruxina que coitadina está a chegar con un feixe de outonizo do lamego da fonte e vai sendo noite pecha i ela eche moi medosina.~~

Xanín- Vou logo mamai (Saíe)

Pallares- Boeno, muller, pois craro que vai pra adiante. O mais xa e tá amañado.

Xovita- Coido de min que o noso Xenio vai ser millor que o mandemos pra Bos Aires cado de miña hirmán. Eiquí cos Maruxiña xa beberemos traballo abondo, pois ¿qué vai facer o coitado se non deixen de esta casa senón que catro leiras que nen xiquera chegan pra nos os deus, verda Mancoel?

Xesús- Sí, muller, seche o millor: O rapaz pode enxergar mellores camións noutros chans. Eiquí soio fozaremos os que non valemos pra embarcar.

Xan de Outeiro- Antóxaseme que hastra o Pepiño de Pallares terá que emigrar., i eso que matinas que vas ter vida co encoro e os baixos da tua caseupa.

Pallares- Cada un vai o seu avío. Tede por certo que o mundo ten falta de adianto e a luz e iso e se uns perdemos terras os mais gañan o cen por cen. O progreso non e de catro ou seis . E o mellorar dos máis.

(Entran Maruxiña e Xenia. Ela cos rodela na man . O rapaz con unha vara de salgueiro).

Maruxiña (Alporizada, fala apresa)-Atopamos uns homes de Madri que fan lan castelán e preguntáronnos se nos lles daríamos pousada. Sen de encoro.

Xenio (Salta irónico brandando a vara)- Pro eu que Deus me perdes, e díxenlles que a nosa casa e cativa e probe e encamiñámonos pra a do Pallares onde terán mellor acomodo. Pra nos lewaren as poucas terras que temos non nos fan migalla de ben.

Pallares- Carafio, pequeno, eres agudo como un allo. Tes medo que che comen a casa denantes da hora e bótalos a comer os cachelos alieos (Erguese feito un basilisco e sae do banco)

Xenio-Vd. ben campa porque veñen os nosos eidos e coidei que lle daría ledicia endreitados pra cas de Vde. Quizaives hoxe lle deixen os primeiros pesiños.

(Escachan cos risos todos polo acudimento do rapazolo e o Pallares colle a chaquete amoscado, apura nun serbo o vaso de viño e sae como un foguete o tempo que Mancoel lle berra)

Mancoel-Cando chegues de seguro que os atoparás ceando.

(Hai risas o tempo que cai o pano).

(Erguese o pano e aparece na ~~mandador~~ ^{mandador} da casa do indiano rico da Arxentina o Xenio cos seus tios, unha rapaza galega nova que está o servicio da casa que a queren tal se fora filla propia. Na táboa unha fonte con rosas e unhas copas de dóce. E a hora da merenda. Dende a solaina lece e rio de prata sucado por iates de pracer e un que outro barco. Na parede un cadro cos retratos dos pais do Xenio e os fillos inda cativos. Unha gaite de fol a está pendurada mais o fondo. Uns oleos de paisaxes galegas alentan a estancia)

Amadora- Xan, qué ledos estemos de terte connosco. E mais a ti, fillo da hirmán que tanto eu quero.

Xan (Namentras o seu tio éncelle a copa) Tamén miña nai lles ^{fin} moito gárgimo a Vdes. e cando deixei Pereira, chorando a probe pé do papai e a Maruxiña que o pesar calláballes as verbas na boca, bicoume e debeu coidar que nona ouvía, pro dixo con parolas que mesmo queimaban "A Amadora e o meu cunhadon bós. Serán como pais pra ti. Sempre nos quixeron moito.

Amadora-Ben aventurados!. Cánto terán que apandar. Mellor lles fora vir pra Bos Aires contigo.

Pedro- Sí muller sí, Ben falas, pro non te lembrás qué caro che costou arraxar e porte en camiño. Se non fora polo que foi... se non estiveras aleladiña..., non embarcabas, non. E ben sabes canto levas pensado por aqueles currunchos.

Amadora-Non que tí non lles tes moito achego, meu Pedro!

Pedro- Qué bubelina es!. Xu como ti e como todo fillo ben nado teño moito apego a nosa terra pro o que non entendo e que te non decates e que topes raro que non viñeran os cunhados.

Xan- Inda eu non viña se non fora saber que Vdes. me queren moito e que podo axudar dende eiquí a vivir a meus pais e a hirmán cun algo que eu aforre., pois abofellas que se non fora iso de mellor gana estaría agora traballando no encoro.

Pedro- I el cóntanos, cómo van o piñeirál e o encoro?

Xan- Sonlle centos de homes que traballan día e noite arrincando pedras uns, levantando na presa outros e tamén algún trállase de cando en cando os dedos entre as penas que saíen da man do dánamiteiro como foguetes.

Amadora-Algún haberá no pobo que empete bos cartiños con un migaxo de un medio cheio.

Outros como o Barxa que soñaban con bábedos que lle deixaran os cartos e fidalgo que contaba con dar pouzada a obreiros, viron como se afundían xutos as terras e os homes.

Pedro- ¿Onde dorme logo tanta xente? ¿Onde gastan o diñeiro?

Xan- Dormen en cascupas que fixo a Sociedade do encoro e da aldeas ca que fuxen. Gastan os cartos na vila onde sempre hai máis mocidéz e non faltan rapazes, que na aldeas xa non queda xente nova. De quitedo a Maruxiña e outres ou outro rapazes, vai ficando sois cos vellos. Xa non hai riola coma de antes. Dende estonces acá, a escola na que puña leucións o Sr. crego, va valeira. Pereira atópase na bouza sen zocos nen zapatos e o que pudo entra na presa graciñas a un bon padriño, non está ben pugo. Inda que pode ir co

Amadora- Antonia, traí logo un café pro todos. Non sei que temos os legos que non podemos vivir sen penar. Inda que o teñamos todo... Somentes saber as desventuras dos nosos....

Antonia- É veridá, miña señora, ¿cómo será que a nosa caste estes tan vencellada pola dor.

Pedro- Tede por seguro que isa hirmandá as dor a vir a ser o remedio dos pobos (Saíe Antonia en percurro do café) Issas espiñas do corazón galego son o millor agullón, que fará resurrir unha patria ríca, chea de felicidade e o paradiso xa o temos na paisaxe e somentes falla repartir e multiplicar os bens que garda. Namentras issas bens se non arranquen, namentras non lebeda o progreso e a industria, non pode haber xusticia e inda fallan os mentos. Os que emigramos adeprendemos moito. Sempre cubicei o día que venseñados todos, pola mesma arela, voltaremos os nosos eidos e darémolles unha forza que ninguén poderé aturar.

Amadora- Nos temos que ser os primeiros. En Bos Aires aferramos moito diñeiro. Non temos fillos. Tí, Xan, eres arestado, tes bos sentires e ¿qué millor que tí, de nosa carne e sangue, pra ser noso sen esquecer os meus hirmans que che deron a vida? Xuntos loitaremos pra por o greu que faga nacer moitos graus máis de galegos que leaxe de Galicia, arelan unha patria rica, con festas, romerías, que borren os sinais dos pobos tristes, sen SINO....

Pedro- Xuntos seremos fortes e grandes. Pro hai que agardar o seu tempo. Cante agora, ¿qué tal che agrade esta cidad?

Xaniño- É tan galega que paréceme a capital de Galicia. É o centro da mella a casa do goberno

(Antonia volve co café e os pocinhos)

Pedro- Xa verás pro Santiago

Antonia- Haberá romería, muñeiras, gaitas...

Amadora- E os probes da nosa terra, os vellidos e os doentes terán regalos, freres uns xantar...

Pedro- Os nosos poetas lerán as milliores poesías da fala galega.

Amadora- O centro estrenará unha obra galega no teatro Nacional.

Xaniño (Erghese e mirando pola solaina a inmensa cidad fala agraecido ou cidad do Prata, ¿Cánto temos que gubarte os galegos. Deus che pague con benzoñas e a gloria a tua hospitalidá.

(Chaman a porta e saíe a Antonia a abrir)

Amadora- Se cadra será un Severo o presidente do centro

Pedro- No, il non. Esta mañá dixome que virá pro domingo.

(Torna a rapaza cunha carta na man e dálla a Xaniño)

Antonia- ¿Qué logo tiveches resposta!

Xaniño- A primeira dende que cheguei a esta nova Galicia (Olla a carta namentras que a Antonia pon o café. Amadora reparte o suero e D. Pedro enche as copas co coñac que trouxo o sobriño de España)

Xaniño- Qué carta, québra e corazón, ¿paí arrincar bágoas!

Pedro- (Póndose de pe a carón do sobriño, abraído). Le, Xaniño!

Amadora (mira cara eles atorada). ¿Unha disgracia?

(Antonia coa cafetera na man non atina a falar. Xan le en outa voz)

Xaniño- Queridos fillo, queridos hirmans e tí tamén Antonia, que nos tedes tan ledos por sabervos a todos con ben. Unha mala nova: O 12 caíen do alto da presa o Pallares

Amadora- Xesús ¿qué desgracia! ¿qué confusión!

Pedro- coitado rapaz!. Inda me parece velo cos seus pantalencillos longos, brincadeiro, gardando as vacas na carballeira do Serafín.

Xaniño- Non se pode dar co seu corpo. O pobo todo parece cal se fora pai e nai do desgraciado e dentón sofre e chora e a s poucas ledicias que tiña morreron, pro inda non parou eiqui o mal fado diste pobo. A Manóla tleou e o Pepiño non se volveu a ver fora da casa. Nai quen fale que tamén ficou arrebatado do xuício. Onte pola altanoite todoles pínseiros novos orde-

quen non podendo esborrascar a mura, prantou lume os piñeiros indo a i-alma pra xunto do infelís Pallares. Agardamos que nos veña axiña co ta vosa.

Antonia- Esta carta faría amolecer os penedos!

...Moitos bicos dos voses que vos queren, Manoel, Xovita e Maruxiña.

Pedro- Encóllesele a un o corazón. Todo ven coas cousas mal compangadas. Contra dos pobres todos se estreven e ¿quén se arrepon os que mandan? Cos timañas de ben da Nación, adonarse de unhas veigas, anegalas e sen saber sudes pra arriacarlle o pan e as patacas dos nosos labregos, facerse dones señores sen axeitir un pobo que non debe morrer. ¡Nen unha cativa forza p lugar uns homes!

Manoel- Iso no pode tirar pra adiante. Hai que enxugar tantas vágoas. O ceo da terra está enloitado. Nos podemos abraguer o que nin albiscaron os cer materialistas dos inxenieros. Os nosos aldeáns están atenzados.

Pedro- Nos faremos cargo de desbotar tantos choros. ¡Fora otrancos! se lugar a trocar axiña tantos azaros.

(Aparece novamente a cocíña labrega da casa de Manoel. Todo igual qu primeira vez, de quitado que os sitios de Xanín e mais o Pallares fican va e o lume é cativo. Xovita téñ a carón dela, de pé, a Maruxiña.)

Xesús- Sempre lembrarei as verbas do alcalde. Verbas de orgullo, de fgroría. Gobizaba verse nos diarios, ouvir falar dñl nas capitales. Agatufñ intreses dunha empresa que non lle cesten nigella.

Xan de Outeiro- Il non perdeu cousa. As suas terras non foren arrampla os seus fillos non morreron no trefego da presa, nin al, nin os seus abos peron o que son as sudes, pegados os arados. Non tiveron unha aquela as Nñ betaron polo mundo adiante os seus parentes pra agrandar outros pobos esforzo namentras Pereira dorme no mor astantamento.

Manoel- Nen polas terras, nen por nos a nen por os nosos fillos, que m pera das nosas angueiras, da nosa fame, do noso estrago, se quixera a iste que non esté feito somentes de montes e veigas aucadas por un regato, non t tanta presa por arrempujar a xente pro estranxeiro. O verdadeiro adianto da comenza na riqueza das aldeas. En aproveitar os seus recursos, arrancarlle rous o ferro, traer máquinas pra traballar mellor as leiras e os nosos fill camñarian.

Xesús- E ti non te debes queixar pois que inda tiveches sorte con pode dar o Xanín o emparo dos tios. E a miña pequena que no Brasil está servin quen endexamáis na vida poderá terlle agriño. Lonxe da casa, dos seus pai mais agatñmconsolo que o da filla de Xulio, emigrante tamén?

Xan de Outeiro- E o meu fillo que en Caracas cos muller e unha meniña, i está mandando os cartos pra pagar os que lle emprestaron, o des, pra embar E o Pallares que alabarado pola propaganda, coidou facer fortuna e pé do e non fei senón que a ruina de toda a sus casa.

Xesús- Mellor fora morrer baixo de un carro, traballando na laboua qu destituen Deus, que ver como uns homes que se din os seus representantes, tr as leis divinas de amor o veciño, e agatññm o que nos e os vedraios labou pra abriñnos camiño na vida.

Manoel- Levas razón, Xesús, Mellor fora que non cegara o camiño tantos fai abertos fixeran o que nos non podemos. Agrandalo máis, arriacarlle os t os coios da rutina que nos non soupemos por non ter escolas agrícolas, ena a percurar millor os froitos de chan, e logo cando con menos leiras tiver máis e millor produción, cando houbera unha inda que fora cativa industria agro pra empregar as mans da nosa xuventú, logo si: Encoro, piñeiral e can quixeran. A quén se lle acode empazar a tellar, denantes que facer os alio

Xovita- Esas inxusticias foron deice agora a estrela a onde van o noso Deus teranos preparada a dita xa segura, pois que temos o purgatorio nesta Un día librerémonos do usureiro. Un día virán a parar as contribucións de ta anos ó pobo de onde saíron. Entón haberá escola. A xente adeprenderá a trabal con mais proveito. Haberá máquinas que poderemos pagar pouco a pouco senve afogados cos réditos. Pro nos xa non chegaremos a albiscar tal cousa.

Maruxiña- Eu teño fe que todo se arranxará. Deus nos dará benazóns abonds censo de tanta amargura.

Manoel- Meniña, ti es boa. Verás a groría de Pereira do Furelem. A nosa m recollerá o froito de tantos anos de semente. Eu adiviño como todos os fillos Galicia tornarán os seus lares coas mans abertas, os peitos cheos de amor, intelixencias despertas co ensino recibido noutros países, e farán con amor que tantas xeneracións non podemos soñar. Estoncias agromará o albre do noso ADIANTO.

Maruxiña- Papsi, ti eres bon a miña naciñña tamén (Apertas e dalle un bico todo o noso lume x. o meu bico e o teu bico).

(A veira do río, a caída do sol, por un camiño rentes do pinheiro cativo aínda, Manoel e a súa dona camiñan amosino cara o lar, que se enxerxa non moi lonxe. O pobo é vello. Casas antigas telladas e afumadas, algunhas que outra medio esborallada)

Xovita- Lémbraste meu Manoel da chousiña que tínhamos preto do lameiro do Paredo? Cántas vagoras me ten feito arincar a súa acordanza!...

Manoel- Dende o encoro non hai trinta metros. Xa estará cuberto de areas e de laxes. Tamén se me acorda a min cando o Xaniño escomezaba os seus primeiros pasitos. Ti alindabas a marela e coidabas que non fora pa a namela do de Outeiro, e facías un pantaloniño pro neno. Eu chegaba do monte da bouza e xuntos íamos xantar. Logo decorrerón os anos e xa cos p quena, gardaba il da mesma marela e mais unha xuvenca. Hoxe non marela ne xuvenca non lameiro, non chousiña e por mais que arbulletos non chegamos a cousa

Xovita- Somentes unha chousiña, a filla e o Xaniño, lonxe en Bos Aires. O Pedro coitado que seica que antes leve andado moito de pouco tempo acá, encochado por mor do corazón, e a miña hirmán esconsolada pregando a Deus e a cencia menciña pro noso cuñado.

Manoel- Eu estou afeuzado de que Pedro sairá con ben da doencia e virá pra Pareira.

Xovita- A virxe das Delores o premita. Cánto arele darlles a todo unha forte apreta e o noso Xaniño....; Cánto rogamos a Deus perante ls anos por un fillo... e agora.....

Manoel- Foi un milagre. E inda logo unha meniña cando todos os médicos aseguraban que non teríamos herdeiro!

Xovita- Todo aiste mundo está nas mans del Señor e il fará agora o milagre de sanar o Pedro.

Manoel- El Señor que castiga os malos pra escarmento dos más, tamén se val dos homes con bos sentimentos, pra lembrarnos que a Bondade pódelle ó mal.

Xovita- Hoxe emprinciparemos a roveas pola saúde do Pedro e pra que volvan axiña con benxaon si?

Manoel - Eu canto moitase íreaca a Igrexa.
(Caí o peso)

(Na casa nova ergueita por D. Pedro están Xaniñ, os seus pais e a hirmán, Xesús, Xan de Outeiro e a súa mulleres. Celebran o ano da chegada o pobo, dos protectors. D. Pedro vai acabadiño. Manoel case que outro tanto. Os anos pasaron por riba de todos ilas. Xaniño é xa un home feito e a Maruxiña da Xeniño vela. Un manxador grandión. A esquerda unha cocina económica. Unha fiestra grande que dá o encoro e rentes do cal érguese unha fábrica xa case que acabada).

Amadora- Paí hoxe un ano que tornamos a Pareira. Cántas veces al na Arxentina cobizamos voltar e canto lembrábaseos átes xantares, e o viño albariño cántas veces o mandaches pedir, Pedro!

Manoel- Agora eiquí o tales, pro xa non gorenta como o de fai ano. As mellores cepas... onde elas paran!

Pedro- A electricidá tamén nos convén. Ela fará mover a fábrica.

Xovita- Graziñas a quen estinou en empregar os cartos nela. Se no ¿qué fora aiste lugar?

Pedro- Pra Delores haberá algunhede grande. Carmiña, xa mandaches vir a filla? Quero ter mocheda u diá da festa. O fillo do Xan os mulleres e a cativa, a filla do Xulio, todos cantos se fforondo lugar! No adiante co duará a emigración forzosa. Na festa non fallarán, foguetes, gaitas e bandes de música. A virxe das Delores será levada en andas.

Carmiña- Paréceme moito tanta ladicia. Inda que non quero ser un m agoiro. Estámolle tan adoitados a acedallar....

Pedro- Tamén eu case que non dou creto a tanta riola. Pro sempre non van a ser choros.

Xesús- Bos ganas lle temos. Pro ^{mes} entrante a mais tardar teremos connocho a Irene, que a vir cos pereixas do Xulio.

Manoel- Deus queira que pra festa torne isto a ser ^{mes} de antes... A excepción dos coitados que van ao outro mundo.....

Amadora- Iles brillan mais que canto na nosa memoria. Xa lles temos encargada unha Misa e dende o ceo ollarán cos peitos cheos de alegría un pobo que renace. I el que diríades se repartíramos agora os papés pra festa. Ti, Xesús, botarás a pólvora o saír da Misa. Non si?

Maruxiña- A Carmiña e a Sara que se fagan a idea do xantar e xanín, dando eu teña posto as medallas e meus tíos dirán unhas parabras de agradecemento no nome de todo o lugar.

Todos- ¡moi ben!

Xesús- Tiveches boas ideas

Xanín- Ben o merecen pro eu de curador.....

Pedro- Moitas grazas ¡Qué logo fixestes o reparto!

Amadora- Si, pro... non contades con Xovita?

Xovita(rindo)- O meu xa o teño escolleito egre que non vos decatades de que é? A pouse mais esquecémolo (Todos fan cara de non atinar a idea da Xovita Na festa cadrarían ben as pulpeiras. Chamaréi as de Chantada.

Pedro- Non muller, o pulpo non pode fallar e a pouco esquecémolo..... (Todos ría e fan groma. Dn. Pedro bótalle viño o sobriño o tempo que mira o reló) ...Xanín, Apura esta cunca e alístate que vai chegar o coche. Compre que non descoides ningún dos papés. Coido que traerás todo arranzado de Luz pra poñer o ram nas obras. (Xanín bebe o viño nun gulapo e pódose de pe, é punto de saír, chaman a porta.).

Xanín- Pareino o mellor que seipa.

(Xanín saís e torna axiña co Xulio que fora o que petara a porta. Os velen atordados. Unha man apreta o Xulio na gorxa que se apenas pode falar).

Xulio- Xesús, Carmiña, D. Pedro, iada non finciu o noso mal fado. Aló no Brasil as nosas fillas morreron nunha algarada política (bótase a chorar inconsolado)

Carmiña- ¡Mina filla!!!

Xesús- (Abrazando a súa muller desfeita en choras) Conta, ¿quén escribiu como foi? ¡Dios Santo!! (A casa tórñase nun desfacerse en vagoas. D. Pedro pouse en pe entre os pais das desgraciadas rapaceas, sen coor, nun esforzo que non aguanta o seu corazón o tempo que o Xanín temendo o peor saís en precur do médico e o Sr. abade)

Pedro- ¡Ou tristuras que chufides un pobo nobre que traballa e loita! Ou mal fado que non trougueches a esta terra senón que penar e sementes das u anaco de folgo, de esperanza, de ledicia, pra logo matar con mais asno. (Per de forzas, o seu corazón peto forte, alitrado por tamaña desgracia)

Xulio- A centos morreron nas ruas de río de Xenciro....

Amadora (Inconsolado polo medo de perder o seu home tan afeutado, pensa no peor e fai esforzos por una escape) Pedro, a desgracia é gradiosa, pro non te poñas así. A taa saúde é feble!!!

Maruxiña- (Acarina o seu tio fadado e canso por tanto enervamento)- ¡tio!.

Carmiña- (Agoa no duto o corazón) Mina fillina!!

Pedro- (collendo novas folgas) Vida que loitas arrodeada de aguillóns, ¿Cá do caducará? ¡Dinos Señor o habedizo pra escorrentar ise mal fado que nos s boura (Entra o crego. D. Pedro delira mais e mais)

.... ¿Habonda xa tanta morralla pra ise can que nos roe? (Atacalle o corazón e caí nos brazos de Amadora, Xesús e Manpel)

Xovita- ¡Virxe das Dolores!

Amadora- Deus meu, dalle forzas a iste corazón!!!

(No intre chega Xanín co médico, D. Axelo. O médico corre a D. Pedro cuberto polas aude. e dalle unha pastilla pra reforzarlle o corazón ó tempo que escoita ó enfermo.

Xulio (Desesperado fixo, coidase culpable na dor de D. Pedro) ¿Qué fixen Deus meu, Porqué o meu dor me non deixou albiscar o mal que viña facer a ista casa?

Pedr- Non tes ti a culpa, Xulio, Isto veu todo polas cousas mal compen das... Fillos pudentes de Galicia, ¿Non vos decatades iada como morren os vosos hirmáns, ben no desterro forzoso ben na aldeia? (fai un esforzo enorme pra coller folgos) ... ¡Fora inxusticias!!! (Na xanesea rías o mor acoramento parabras do derradeiro sacramento van saíndo tristesiras dos beizos do crego o médico loita o imposibre pra salvar a vida de D. Pedro)..... Xanín, que festa... Amadora... Pareira do Purelo que recolla o froito seu... Xa abonda d semente.... Deus meu!!! (D. Pedro agoniza namentras o crego lle encomenda a ma)

Médico- O seu corazón latiu hastra as últimas por amor. A cencia non pu facer ren.

Crego- Si, D. Pedro devolveu a súa ílma a Deus forrada no preceuto de Cristo.

(cae o pano)